



CAMIÑOS DE CAAVEIRO

Club de Montaña O Carroucho

21 de Xaneiro de 2017

A ruta discorre polas Fragas do Eume, un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa. Dentro das súas 9000 hectáreas de extensión viven menos de 500 persoas, o que dá unha idea do estado virxe destes exuberantes bosques que seguen o curso do río Eume. O parque ten a forma dun triángulo cuxos vértices e fronteiras serían As Pontes de García Rodríguez, Pontedeume e Monfero. A mellor forma de coñecer o parque é a pé. Así, se un sabe ver, quizá descubra aos xogadores trasnos que habitan nel.

Carballos, chopos, freixos, ameneiros, máis de 20 especies de fentos e 200 de líques danse aquí. Ás veces a vexetación é tan tupida que apenas deixa pasar a luz. Pero este bosque sombrío e secreto é xeneroso como as súas augas, fontes e fervenzas. Aquí non hai verde, aquí hai paisaxes de mil verdes.

E escondido no corazón do bosque, o mosteiro de Caaveiro, un antigo cenobio con máis de dez séculos de historia e unhas vistas espectaculares desta fraga máxica. O mosteiro estableceuse no ano 934 para acoller aos numerosos anacoretas que vivían dispersos na zona. Pero pronto importantes doazóns engrandecen o seu patrimonio e concédennlle a xurisdición sobre vilas e freguesías eximíndoo da autoridade do arcebispado de Santiago de Compostela.

Conta a lenda que co Eume naceron dous ríos máis na mesma serra, o Sor e o Landro. Deus prometeu que ao primeiro que chegase ao mar daríalle un home todos os anos como ofrenda. Os tres pactaron que percorre-


Datos Básicos

Comezo: O Pazo
Remate: O Pazo
Distancia lineal: 17 km.
Duración aprox.: 7 horas
Dificultade: Media
Altura máxima: 422 m
Altura mínima: 33 m
Acumul.: ↗950 m / ↘950 m

rían xuntos o camiño e chegarían ao mesmo tempo. Nun lugar, cansados da súa viaxe, decidiron descansar. Un deles espertou primeiro e emprendeu a viaxe cara ao océano. O outro, ao comprobar que faltaba un, abandonou o lugar tamén, deixando só ao Eume. Así, ao espertar, enfurecido e embravecido, emprendeu a viaxe saltando todo o que se lle interpuxo no camiño, formando vales e saltos para chegar antes que os dous traidores e deixalos relegados a simples afluentes.

A ruta sae do lugar de O Pazo en A Capela. Dende alí, polo camiño vello de Caaveiro, dirixirémonos cara ao mosteiro, pero antes de chegar ao camiño que sube dos rúcores do Sesín, dirixirémonos cara á fraga nova nunha dura subida por un bosque atlántico case virxe. Este camiño deixaranos na Pena da Ágia, que é o punto máis elevado da ruta. Dende aquí dirixirémonos ao pobo de Xavariz, pertencente ao concello de Cabanas, para baixar polos antigos camiños ata o río

Eume, conectando co camiño dos encomendeiros, que nos levará ao mosteiro de Caaveiro polos rúcores do Sesín. No mosteiro xantaremos e despois subiremos cara a Os Pacos para conectar co espazo etnográfico do Sesín nun sendeiro que despertará os vosos sentidos. Dende aquí iremos ver a pedra de mallar e de volta a O Pazo, tomar unha cervexa no bar do pobo, ver a súa igrexa e museo etnográfico se está aberto.



Próxima cita:
18 Febreiro
Final Transcantábrica



www.carroucho.org